

Mina de ouro entapada?

Si ou no?

Presentación do problema

O proxecto sobre a creación dunha mina de ouro en Tapia xorde entre o ano 2004 e 2005 de mans da empresa “Río Narcea Gold Mines”. Inmediatamente o pobo de Tapia dividiuse en dous bandos, os “Si a la mina” e os “Mina no”, os primeiros apoian o proxecto debido ao numero de empregos que este prodia xerar, e os segundos, argumentan posibles danos ambientais e paisaxísticos.



Desenvolvemento do tema.

Despois de moitas variacions no proxecto inicial, a mina de ouro que pretendia levar a cabo esta empresa foi rexeitada. Pero no ano 2010 outra empresa, “AsturGold”, presentou outro proxecto no cal pretendia extraer tamen ese ouro, so que mediante un sistema de galerias e non a ceo aberto, como inicialmente.



Proxecto AsturGold.

AsturGold pretende explotar mediante un sistema de galerías interiores o ouro existente en Salave, un dos mais grandes depositos de ouro de Europa Occidental.



Emprego

Un dos principais argumentos dos que apoian o proxecto da mina é a creación de emprego. Segundo os estudos de viabilidade realizados pola empresa, o proxecto xeraría uns 250 empregos directos e outros tantos indirectos. E dicir, 500 empregos en total.



Medio ambiente

A pesar de que segundo asturgold o vertido de residuos sería cero, os membros da plataforma “oro no” seguen a argumentar que a creación deste proxecto xeraría un gran impacto paisaxístico e quizais, de producirse algún vertido, un gran dano medio ambiental. Cabe destacar que a zona de onde AsturGold pretende extraer o ouro esta dentro dunha zona de especial protección de aves (ZEPA) co cal o dano sería aínda maior.



Viabilidade económica.

Según datos de AsturGold e dando paso a viabilidade económica, desta explotación extraeríanse arredor de 400.000 kg de ouro.



Conclusión

Despois de avaliar varios puntos sobre a construción desta subestación mineira, podemos concluir que:

1. Según os datos que nos proporciona a empresa, sería un proxecto rentable.
2. Sería unha importante fonte de creación de emprego.
3. Coa utilización da minería subterránea o impacto paisaxístico non sería tan grande, pero no caso de producirse un vertido, cal sería o prezo a pagar?
4. A que teríamos que recorrer no caso dun desastre paisaxístico ou da desaparición da empresa sen rendir contas a ninguén?
5. Aínda faltan moitas preguntas por contestar, polo que o proxecto da mina de ouro de Tapia non soa demasiado ben.

Quizais conveña recordar que:

